

ACTIVIDADE 1

Continúa a crónica da formación da humanidade que aquí se inicia : “Na selva exuberante do Mioceno (...), en África Oriental, houbo unha vez pequenos simios (...) A súa gran despesa foi contraéndose co tempo. A sequía fixo que a selva se reduxese a pequenos islotes. Pastizais cada vez mais dilatados os separaban. Para conquistar os dons das árbores, fíxose preciso atravesar espazos abertos, mais e mais extensos. Esas correrías atraeron novos predadores. Aqueles pequenos simios (...) atopábanse moi escasamente dotados de atributos naturais para *desanimar ós seus predadores* (...) A posición erecta e o bipedismo propiciaron o uso das mans libre para....

J. Sanmarín; Os novos redentores

ACTIVIDADE 2

A partir do teu relato, sinala os rasgos anatómicos e fisiolóxicos que constitúen as bases físicas dun desenvolvemento que fixo ao ser humano actual diferente dos seus antepasados antropoides. En que sentido é posible falar dunha evolución cultural diferente da biolóxica?

ACTIVIDADE 3

“O problema da orixe do home non deixa de ocupar á investigación. O proceso segundo o cal os antropoides se desenvolveron ata convertérense en seres pensantes e falantes dignos de chamárense homes contén moitas fases e suscita a curiosidade de numerosos científicos e, en gran medida, concerne tamén ao lingüista, posto que entre as características que separan o home dos animais unha das principais consiste justamente na capacidade de falar. Tal capacidade é a base da evolución intelectual seguida polos antepasados do home. Serviu de instrumento para toda a catividade mental superior e fixo posible que a experiencia do individuo pasase á especie. De xeito que o enigma da orixe do home é asímesmo a o enigma da orixe da linguaxe” (b. Malmberg; A lingua e o home)

1. Cal é a idea principal do texto?
2. Trata de elaborar unha hipótese de teu sobre que foi antes, o desenvolvemento cerebral ou a aparición da linguaxe.

ACTIVIDADE 4

“Atreverse, nos nosos días, a sustentar na natureza as diferencias entre as colectividades humanas, significa excluirse inmediatamente do saber”

Finkelkraut, A.; A derrota do pensamento

1. Escribe con outras palabras o que este autor está afirmando.
2. Estás de acordo coa súa postura? Argumenta a favor ou en contra.
3. Se as diferenzas entre as colectividades humanas non se sustentan “na natureza”, como podemos explicalas?

SOLUCIONARIO:

ACTIVIDADE 1

“Na selva exuberante do Mioceno (...), en África Oriental, houbo unha vez pequenos simios (...) A súa gran despesa foi contraéndose co tempo. A sequía fixo que a selva se reduxese a pequenos islotes. Pastizais cada vez mais dilatados os separaban. Para conquistar os dons das árbores, fíxose preciso atravesar espazos abertos, mais e mais extensos. Esas correrías atraeron novos predadores. Aqueles pequenos simios (...) atopábanse moi escasamente dotados de atributos naturais para *desanimar* ós seus predadores (...) A posición erecta e o bipedismo propiciaron o uso das mans libre para... recoller froitos e construír ferramentas, o que lle permite mellorar a a súa nutrición e defenderse dos depredadores. Desta maneira produciuse unha interacción entre man e cerebro, que reforzou o desenvolvemento das posibilidades de ambos: o desenvolvemento do cerebro, permite a aparición da linguaxe. A capacidade técnica (uso de ferramentas) e a capacidade simbólica e lingüística, van ser os rasgos definitorios da especie humana.

Tamén cabería destacar, como repercusión da posición erecta, a especial conformación do pe humano e tamén a configuración da pelve que fai que sexa especialmente difícil o parto na especie humana. Como consecuencia, a cría humana nace de forma prematura e, por conseguinte, inmadura. A consecuencia do carácter fetal do ser humano o seu desvalimento nos primeiros anos, fai imprescindible o reforzamento dos vínculos sociais na especie. O carácter social, a capacidade técnica, a capacidade simbólica e lingüística constitúen os rasgos orixinais da especie e van configurar o que se entende por “cultura”. Chegados a este punto, cultura permite que as solucións atopadas por algúns individuos a certos desafíos prantexados polo medio, xa non se perdan, senón que poden ser transmitidos ao resto da especie a ás seguintes xeración. Deste modo, cada individuo xa non tiña que partir de cero cando se enfrontaba a un medio hostil. A evolución cultural, moito máis rápida e poderosa ca biolóxica, fixo posible que o ser humano, un animal desvalido e pouco apto para a supervivencia, dominara a outras especies e se estendera por todos os lugares do planeta...

(A continuación do relato ofrécese unicamente a modo de exemplo. É unha actividade na que se valora a creatividade do alumno no manexo dos conceptos estudados e das relacións entre eles, que deben ser establecidas, eso sí, cun certo rigor, que mostre a comprensión do traballado nesta sección)

ACTIVIDADE 2

Igual que no exercicio anterior, a solución ofrécese a modo de exemplo. Trátase de comprobar se o alumnado manexa e clasifica, con certa precisión, os conceptos estudados:

Rasgos anatómicos: bipedestación, liberación da man, oposición do polgar, aumento da capacidade craniana, cranio abovedado, redución da mandíbula, dobre curvatura da columna, configuración da pelve...

Rasgos fisiolóxicos: inmadurez, ocultamento do estro

Grazas á linguaxe, a especie humana pode comunicarlle aos seus descendentes os coñecementos e habilidades adquiridos, modificando así o seu comportamento. A evolución cultural superpúxose a evolución biolóxica, de forma que a mellora na adaptación ao medio, non vai depender xa exclusivamente da constitución xenética da especie, senón da modificación do medio. O mecanismo de selección cultural non radica nos xenes, senón en sistemas de símbolos e o modo de transmisión é máis rápido, dado que o adquirido por unha

xeración, transmítese á seguinte. A evolución cultural está ademais guiada por propósitos conscientes, de modo que é posible influír na súa orientación.

ACTIVIDADE 3

Idea principal: “o enigma da orixe do home é asímesmo a o enigma da orixe da linguaxe”

Hipótese. Cada alumno e alumna elaborará a súa hipótese, que tratará de xustificar con argumentos pertinentes nos que mostrará que manexa e aplica con precisión os conceptos estudados. Non se sabe con seguridade se foi o aumento da capacidade craneal o que permitiu a aparición da linguaxe ou foi ao revés. A paleoneuroloxía, unha ciencia que trata de determinar as capacidades mentais dunha especie fósil a partir das impresións deixadas polo cerebro na superficie interna do cráneo, constata que o cerebro do *australopithecus* (cunha antigüidade de 3.000.000 de anos), presentaba xa as condicións cerebrais axeitadas para desenvolver a linguaxe. Moitos investigadores, sen embargo, sitúan a orixe da linguaxe humana nunca data moito máis recente: hai só uns 40.000 anos. De calquera xeito, non pode estudarse esta cuestión de maneira illada, senón en relación con moitos outros factores que contribuíron á hominización.

ACTIVIDADE 4

Defender que as diferenzas entre as colectividades humanas se sustentan na natureza, implica voltar ao tema da «raza», e lonxe de situarse no lado do saber, supón caer na obnubilación, na estolidez e na ignorancia. Aínda que adoita basearse na observación fisiognómica, a idea de *raza*, estrictamente falando, alude á variabilidade biolóxica ou xenética da especie humana, no seno do xenoma humano. Algúns antropólogos físicos defínena como un conxunto de caracteres anatómicos e fisiolóxicos hereditarios (con exclusión de todo carácter adquirido pola educación, a tradición ou a influencia do medio), que en se atopan diseminados entre diversos grupos étnicos. Por conseguinte, a idea de raza non debe confundirse coa idea de *etnia*, que se refire a unha poboación da especie --xeralmente con certos rasgos biolóxicos comúnes-- configurada con unha tradición *cultural* e lingüística propia.